



## Á atención das familias do alumnado.

Ante o comezo do novo curso escolar queremos poñer no seu coñecemento unha serie de normas que é importante ter en conta para facilitar o correcto funcionamento da actividade do centro:

- O recinto escolar abrirase ás 8:45 horas. A porta secundaria de acceso ao recinto abrirase ás 8:55 horas.
- Unha vez dentro do recinto o alumnado de Educación Primaria dirixirase directamente ao patio cuberto e non poderán saír do recinto salvo causa xustificada e coa autorización expresa dun profesor-a. O alumnado de Educación Infantil, dirixirase á entrada de Infantil ata o toque da serea que será ás 9:00 horas.
- O profesorado farase cargo do alumnado que chega no transporte escolar.
- Por cuestións organizativas non estará permitido xogar nas pistas antes da hora de comezo da actividade lectiva.
- Unha vez que toque a serea subirán en orden ás aulas.
- As nenas e nenos deberán chegar ao colexio con puntualidade. Se, por algún motivo, un neno-a chega tarde a clase, a persoa que o acompañe deberá comunicar a súa chegada e xustificar a falta na conserxería ou secretaría do Centro onde se encargarán de que o neno-a se incorpore ao seu grupo.
- As faltas por enfermidade leve ou outra causa deben xustificarse por escrito. A xustificación a entregará o propio neno-a cando se reintegre á actividade escolar ao seu profesor-a/titor-a. Non é necesario comunicalo telefonicamente.
- Rogamos aos pais e nais eviten subir ás aulas.
- É conveniente lembrar aos nenos e nenas que ante calquera incidente na aulas, nos corredores ou nos recreos deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do profesorado. En ningún caso poderán responder ás agresións.
- A saída será ás 14:00 horas.
  - O alumnado que utiliza o servizo de comedor escolar dirixirase ao comedor, onde quedará baixo a custodia do monitor ou monitores.
  - O alumnado que utiliza o transporte escolar dirixirase inmediatamente ao autobús correspondente.
  - O resto dos alumnos-as deberán abandonar o recinto escolar, non poderán permanecer no patio. A partir das 14:00 quedarán baixo a responsabilidade dos seus pais, nais ou titores legais.
- Pola tarde o centro abrirase ás 16:00 para o alumnado que estea anotado ás actividades organizadas pola ANPA. Os monitores faranse cargo das nenas e nenos durante o tempo que dure a actividade. Ao remate de cada unha das actividades, os nenos e nenas quedarán baixo a responsabilidade dos seus pais, nais ou titores legais.
- Todos os nenos e nenas que utilicen o recinto escolar fóra do horario lectivo farano baixo a responsabilidade dos seus pais, nais ou titores legais.
- Tamén queremos recordar a obrigatoriedade de aparcas os vehículos particulares nos lugares establecidos para elo evitando parar nas entradas ao recinto escolar para evitar atascos que dificultan a entrada e saída do alumnado e que poden poñer en perigo a súa integridade física.

Desexamos un bo curso a toda a Comunidade Escolar. Reciban un cordial saúdo.

Palmeira, 20 de setembro de 2010

A DIRECCIÓN



## **PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA SOLICITAR INFORMACIÓN, FACER SUXESTIÓNS OU PRESENTAR QUEIXAS AO CENTRO**

Ante calquera necesidade de obter información, facer algunha suxestión ou presentar algunha queixa ao Centro, os pais e nais deberán seguir o seguinte procedemento:

1º.- Formular a situación ao titor-a correspondente, cando se trate dunha cuestión relacionada coa educación do seu fillo-a.

2º.- De non estar satisfeito coa resposta obtida ou de tratarse dunha cuestión relacionada coa organización e funcionamento do centro, diríxase á Dirección do Centro.

3º.- Se das actuacións anteriores non se deriva unha resposta satisfactoria e persistise a súa discrepancia pode dirixirse á Inspección Educativa ou outros organismos da Consellaría de Educación.

No caso de que consideren o problema urxente e non poidan ser atendidos polo titor-a, poderán solicitar ser atendidos directamente polo director-a ou, de non ser posible, polo xefe-a de estudos ou secretario-a.